



PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE NOVE PRAZAS VACANTES DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL TÉCNICO DE XESTIÓN E DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS, FUNCIONARIO DA ESCALA TÉCNICA DE CONSERXES

O tribunal cualificador das probas selectivas para a provisión de 9 prazas da escala técnica de conserxes da Universidade da Coruña, convocadas por Resolución do 24 de setembro de 2025 (DOG 7 de outubro de 2025), acordou, na súa sesión do día 12 de febreiro de 2026, emitir unha nota informativa sobre a proba de lingua galega previsto para o vindeiro 26 de febreiro:

Tal e como establece a convocatoria esta proba está destinada á comprobación de que as persoas candidatas que non acreditaron posuír o Celga 4 ou equivalente homologado, poidan acreditar o devandito nivel no que respecta á comprensión e expresión oral e escrita de lingua galega, en especial de linguaxe administrativa. A proba constará de tres exercicios:

-Exercicio n.º 1: breve conversa guiada sobre un texto que se facilita co fin de comprobar a súa correcta comprensión e, sobre todo, a fluidez na expresión oral.

-Exercicio n.º 2: elaboración dun texto, de ao menos dous parágrafos ou unhas 100 palabras, a partir dun suposto práctico que se presenta. Valorarase a corrección lingüística, a adecuación textual, a riqueza léxica e o uso de conectores na redacción.

-Exercicio n.º 3: resposta a un cuestionario tipo test de 15 preguntas con catro respostas alternativas, das cales só unha delas é correcta (as respostas erróneas non suman negativo).

O tempo máximo de realización destes exercicios é de 60 minutos (15 minutos para o exercicio número 1 e 45 para os números 2 e 3) e sobre eles emitirase unha valoración global de apto ou non apto.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O presidente do tribunal

Asdo. Iñigo Cruzado Beitia